



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 27/04/2023

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro. (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)
D^a Raquel Caruncho Corral (PSdeG-PSOE)
D^a Yolanda Vázquez Busto (PSdeG-PSOE)
D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)
D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. Luis Angel Díaz González.(PP)
D. Luis Pena Mosquera (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e sete de abril de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e a Interventora municipal

Non asisten (xustificando a ausencia):

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)
D^a Rocío Souto Torre (BNG)

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D^a Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

A Secretaria municipal da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES

(Expediente TEdC: 2023/G006/000066)

Recibida polas concelleiras e concelleiros membros do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 13/02/2023

SESIÓN ORDINARIA DE 30/03/2023

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 13/02/2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SESIÓN ORDINARIA DE 30/03/2023

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro”

Sen intervencións, sométese a votación a acta da **sesión extraordinaria e urxente do día 13/02/2023**, quedando **ADOPTADO por por MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Luis Angel Díaz González; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera; 1 **abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: D. José Simoes Couceiro, e 1 **abstención** da concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: D^a. Manuela García Fachal, por non estar presentes na sesión do 13/02/2023, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 13/02/2023

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

De seguido sométese a votación a acta da **sesión ordinaria do día 30/03/2023**, quedando **ADOPTADO por por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Manuela García Fachal, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera; e 1 **abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Luís Angel Díaz González, por non estar presente na sesión do **30/03/2023** o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 30/03/2023

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS 2023

A Secretaría municipal da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS

(Expediente TEDeC: 2023/G006/000067)

Vista a obriga de remisión de información por medios electrónicos habilitados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da súa páxina web, e concretamente da oficina de información virtual coas entidades locais, referente á comunicación de tipos impositivos.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 34/2023, de asunto: “Comunicación información Tipos impositivos 2023”



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

3.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANUALIDADE DE 2022.

A Secretaria municipal da lectura a proposta da Alcadía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA.

DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANUALIDADE DE 2022

(Expediente TEdC: 2023/X999/000087, 2023/G006/000069)

De conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e visto o expediente co número 2023/X999/000087, no que constan os estados contables da liquidación do orzamento do exercicio 2022 así como os informes da Intervención, dáse conta da liquidación do Orzamento anualidade de 2022, aprobada por Decreto nº 194/2023 de 17/04/2023.”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

4.- MOCIÓNS BNG:

Luís Pena Mosquera, concelleiro do Grupo Municipal do BNG, do Concello de Ponte deume, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte moción:

4.1.- “RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN Exposición de motivos:

Por iniciativa da Federación de Asociacións Culturais Galegas, Galiza Cultura, e da Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, Vía Galega, unha comisión conformada por 30 persoas, representativas de diferentes ámbitos da sociedade galega, presentaban, no rexistro do Parlamento de Galiza, a proposición de lei de iniciativa legislativa popular (ILP) para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión. Unha vez admitida a trámite pola Mesa do Parlamento e notificado o acordo da Xunta Electoral de Galiza, emprendemos a campaña para reunir, como mínimo, ás 10.000 sinaturas necesarias para a defensa da proposición de lei no Parlamento Galego.

O catedrático da Universidade da Coruña, Manuel Ferreiro, desenvolveu un extraordinario traballo de investigación e publicou diferentes edicións da historia do noso himno, onde se demostraba e recupearaba documentalmente o texto fidedigno do Himno Galego, de acordo co texto orixinal e autorizado do seu autor, Eduardo Pondal. Cómpre, pois, cando van máis de 38 anos de vixencia da Lei de Símbolos de Galiza, dotar de oficialidade o texto restaurado do noso Himno, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega. Este é o propósito desta Iniciativa legislativa popular (texto completo en anexo)

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción do seguinte ACORDO:***

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Apoiar a proposta de ILP presentada no rexistro do Parlamento de Galiza por iniciativa da Federación de Asociacións Culturais Galegas, Galiza Cultura, e da Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, Vía Galega, unha comisión conformada por 30 persoas, representativas de diferentes ámbitos da sociedade galega **PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN.**

ANEXO: TEXTO COMPLETO DA ILP

“PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tres anos despois de aprobado e promulgado o Estatuto de Autonomía (1981), en que se recoñece que Galiza ten himno “de seu” (artigo 6.2), o Parlamento galego consagrou na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o que xa estaba no ánimo e no sentir do pobo, oficializando como himno galego as catro primeiras estrofas do poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal.

Efectivamente, un século antes, a vontade que se manifestaba en Galiza de contar cun himno cristalizou na iniciativa do músico Pascual Veiga, que encargou ao poeta nacional na altura, o bardo Eduardo Pondal, a composición dun texto poético que, “a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria”.

As bases do concurso internacional organizado polo Orfeón Coruñés nº 4, dirixido por Pascual Veiga na cidade da Coruña, contemplaban un premio destinado a galardoar a mellor “marcha” musical escrita para orfeón sobre o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal. Para este texto, o maestro mindoniense compuxo a música que, após diversos avatares, tivo a súa primeira interpretación institucional e solemne como himno galego no día 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro da Habana. A partir deste evento, o himno foi acollido polo movemento galeguista, nomeadamente polas Irmandades da Fala, que o elevou sobre outras propostas existentes e o estendeu en toda a sociedade, ao tempo que se foi establecendo o cerimonial de interpretación, sempre co público en pé e actitude respectuosa. Por tanto, a partir de 1916 o texto de Eduardo Pondal, coa música de Pascual Veiga, converteuse, de facto, no himno galego.

A difusión do texto pondaliano realizouse a partir da súa publicación sucesiva na Habana en medios escritos diversos, sobre todo revistas (1905, 1907, 1909), de onde retornou a Galiza por volta de 1910 con múltiples erros textuais derivados fundamentalmente da súa inicial difusión fóra do país.

A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dunha ponencia conxunta no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de catro alteracións de importancia: 1) Problemas de presentación formal e de puntuación, de forma que no texto oficial mesmo desapareceu a indicación de que o texto é un diálogo (pregunta aos piñeiros, na primeira estrofa, e resposta destes nas tres estrofas restantes); 2) Presenza de formas idiomáticas alleas ao poema orixinal pondaliano, nomeadamente castelanismos e hiperenxebrismos (ronco / rouco, iñorantes / ignorantes); 3) Aparición de formas idiomáticas falsas, inexistentes no poema de Pondal e na lingua galega (féridos / ferridos); 4) Deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual (chan / clan ‘pobo’).

O propio autor do texto do Himno, Eduardo Pondal, era consciente destas deturpacións textuais, tal como lle sinala a Xosé Fontenla Leal, o grande impulsor do himno na colectividade galega en Cuba, cando en carta de 11 de xaneiro de 1913 lle di que “o texto do noso himno

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

contén non poucas erratas, e xa veremos de corrixilas oportunamente". Infelizmente, o estado de saúde de Pondal non permitiu esa actuación correctora e restauradora, que agora o Parlamento pode e debe realizar, 115 anos após a pública e solemne interpretación do himno na Habana.

En 1984 o Parlamento galego, consciente da importancia e do alto valor institucional e social dos símbolos (escudo, bandeira, himno), oficializou o Himno no artigo 4 da Lei de Símbolos: "Declárase himno de Galicia a composición «Os Pinos», poema de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga". Porén, o texto aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia, na Disposición adicional terceira da Lei 5/1984, non recolle as estrofas do poema «Os Pinos» da fonte orixinal pondaliana, senón que se basea nunha deficiente versión editorial realizada en 1935, no centenario do nacemento do poeta. O feito de esa edición ter herdado (e acrecentado) os erros e deturpacións textuais acumulados desde había anos explica o texto oficial do himno, que cómpre recuperar e actualizar catro décadas após a promulgación da Lei de Símbolos.

Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.

A este fin responde esta Proposición de Lei.

Proposición de Lei:

Artigo 1º. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: "Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga".

Artigo 2º. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: "A letra do Himno Galego é a seguinte":

*Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio transparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?
«Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.
Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*e férridos e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.
Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».*

Artigo 3º. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.

Artigo 4º. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica”

Un cordial saúdo.

Compostela, 17 de abril de 2.023

*Xosé Manuel Carril Vázquez
Presidente de Galiza Cultura*

*Anxo Louzao Rodríguez
Coordenador de Vía Galega”*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. José Simoes**, concelleiro do PSdeG-PSOE, indica que sendo una iniciativa legislativa popular supón que serán necesarias sinaturas, responde o voceiro do BNG, que o texto completo é do 17 de abril, non é unha iniciativa xenérica do BNG, senón dun grupo de asociacións, tentouse que fora unha Declaración Institucional, e nunha breve Xunta de Portavoces non foi posible, por iso tráena como Moción. O voceiro do PSdeG-PSOE, indica que o voto vai a ser favorable.

- **Toma a palabra D. Luis Angel Díaz, concelleiro do PP**, comenta que non é o momento axeitado, xa se rexistrara no Parlamento Galego unha proposición de lei, o voto vai a ser en contra.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a Moción, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e **1 voto en contra** do concelleiro que integra o Grupo Municipal do PP: D. Luis Angel Díaz González; o **ACORDO** seguinte:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Apoiar a proposta de ILP presentada no rexistro do Parlamento de Galiza por iniciativa da Federación de Asociacións Culturais Galegas, Galiza Cultura, e da Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, Vía Galega, unha comisión conformada por 30 persoas, representativas de diferentes ámbitos da sociedade galega **PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN.**

ANEXO: TEXTO COMPLETO DA ILP

“PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tres anos despois de aprobado e promulgado o Estatuto de Autonomía (1981), en que se recoñece que Galiza ten himno “de seu” (artigo 6.2), o Parlamento galego consagrou na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o que xa estaba no ánimo e no sentir do pobo, oficializando como himno galego as catro primeiras estrofas do poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal.

Efectivamente, un século antes, a vontade que se manifestaba en Galiza de contar cun himno cristalizou na iniciativa do músico Pascual Veiga, que encargou ao poeta nacional na altura, o bardo Eduardo Pondal, a composición dun texto poético que, “a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria”.

As bases do concurso internacional organizado polo Orfeón Coruñés nº 4, dirixido por Pascual Veiga na cidade da Coruña, contemplaban un premio destinado a galardoar a mellor “marcha” musical escrita para orfeón sobre o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal. Para este texto, o maestro mindoniense compuxo a música que, após diversos avatares, tivo a súa primeira interpretación institucional e solemne como himno galego no día 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro da Habana. A partir deste evento, o himno foi acollido polo movemento galeguista, nomeadamente polas Irmandades da Fala, que o elevou sobre outras propostas existentes e o estendeu en toda a sociedade, ao tempo que se foi establecendo o cerimonial de interpretación, sempre co público en pé e actitude respectuosa. Por tanto, a partir de 1916 o texto de Eduardo Pondal, coa música de Pascual Veiga, converteuse, de facto, no himno galego.

A difusión do texto pondaliano realizouse a partir da súa publicación sucesiva na Habana en medios escritos diversos, sobre todo revistas (1905, 1907, 1909), de onde retornou a Galiza por volta de 1910 con múltiples erros textuais derivados fundamentalmente da súa inicial difusión fóra do país.

A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dunha ponencia conxunta no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de catro alteracións de importancia: 1) Problemas de presentación formal e de puntuación, de forma que no texto oficial mesmo desapareceu a indicación de que o texto é un diálogo (pregunta aos piñeiros, na primeira estrofa, e resposta destes nas tres estrofas restantes); 2) Presenza de formas idiomáticas alleas ao poema orixinal pondaliano, nomeadamente castelanismos e hiperenxebrismos (ronco / rouco, iñorantes / ignorantes); 3) Aparición de formas idiomáticas falsas, inexistentes no poema de Pondal e na lingua galega (féridos / féridos); 4) Deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual (chan / clan ‘pobo’).

O propio autor do texto do Himno, Eduardo Pondal, era consciente destas deturpacións textuais, tal como lle sinala a Xosé Fontenla Leal, o grande impulsor do himno na colectividade galega en Cuba, cando en carta de 11 de xaneiro de 1913 lle di que “o texto do noso himno

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

contén non poucas erratas, e xa veremos de corrixilas oportunamente". Infelizmente, o estado de saúde de Pondal non permitiu esa actuación correctora e restauradora, que agora o Parlamento pode e debe realizar, 115 anos após a pública e solemne interpretación do himno na Habana.

En 1984 o Parlamento galego, consciente da importancia e do alto valor institucional e social dos símbolos (escudo, bandeira, himno), oficializou o Himno no artigo 4 da Lei de Símbolos: "Declárase himno de Galicia a composición «Os Pinos», poema de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga". Porén, o texto aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia, na Disposición adicional terceira da Lei 5/1984, non recolle as estrofas do poema «Os Pinos» da fonte orixinal pondaliana, senón que se basea nunha deficiente versión editorial realizada en 1935, no centenario do nacemento do poeta. O feito de esa edición ter herdado (e acrecentado) os erros e deturpacións textuais acumulados desde había anos explica o texto oficial do himno, que cómpre recuperar e actualizar catro décadas após a promulgación da Lei de Símbolos.

Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.

A este fin responde esta Proposición de Lei.

Proposición de Lei:

Artigo 1º. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: "Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga".

Artigo 2º. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: "A letra do Himno Galego é a seguinte":

Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio transparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?
«Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.
Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

imbéciles e escuros,
non os entenden, non.
Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».

Artigo 3º. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.

Artigo 4º. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica”

Un cordial saúdo.

Compostela, 17 de abril de 2.023

Xosé Manuel Carril Vázquez
Presidente de Galiza Cultura

Anxo Louzao Rodríguez
Coordenador de Vía Galega

Luís Pena Mosquera, concelleiro do Grupo Municipal do BNG, do Concello de Pontedeume, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte moción

4.2 “RETIRADA DO PLAN DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO

Exposición de motivos:

O BOE vén de publicar o pasado 4 de marzo os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, aprobado o 28 de febreiro, co que se pretende instalar no noso país o 43% da eólica mariña prevista para todo o Estado, uns 2.200 quilómetros cadrados de costa. De consumarse, suporá a perda de miles de postos de traballo nun sector clave da nosa economía como é a pesca, no que sería o maior ataque histórico á pesca e os ecosistemas mariños. A pesca representa a día de hoxe máis de 31.000 empregos directos e de 120.000 inducidos, e o 2% do PIB galego (o 4,8% se atendemos a todo o sector do mar).

O Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supón a destrución do sector pesqueiro para que se sigan enriquecendo as grandes eléctricas, convertendo ao noso país nunha colonia enerxética de Madrid.

O BNG vén defendendo desde hai tempo que non é aceptábel prever parques eólicos na nosa costa polas características da plataforma galega, unha plataforma moi estreita que provoca que os proxectos se sitúen a tan só 20-25 quilómetros, en espazos de alta sensibilidade ambiental e de alta produtividade pesqueira.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Goberno do Estado, na súa defensa dos intereses das grandes empresas eléctricas e enerxéticas, desatendeu todas as alegacións achegadas polo BNG, asociacións ecoloxistas ou as propias confrarías que defendían os intereses da frota pesqueira do noso país.

Compre lembrar que o 3 de maio de 2022 o Parlamento europeo aprobou unha resolución que determinaba que os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos mariñeiros deberán estar libres de enerxía eólica mariña, resolución que contradí o POEM recentemente aprobado polo goberno español, xa que afecta a moitos dos nosos caladoiros tradicionais.

Tamén o Parlamento galego, coa unanimidade de todos os grupos políticos da cámara, aprobou en 2009 que Galiza ficase libre de eólica mariña, polo seu impacto negativo na pesca.

A nosa obriga é defender a pesca, un sector do que viven, directa ou indirectamente, moitos dos nosos veciños e veciñas, e non podemos permitir que o lobby eléctrico faga caixa cos nosos recursos naturais deixando sen medio de vida á xente do mar. A eólica mariña e a defensa do sector pesqueiro non son compatíbeis, como se acreditou en Viana do Castelo, no veciño Portugal, onde os mariñeiros denuncian que a zona quedou, literalmente, sen peixe, ou co replantexamento que Noruega está a facer da eólica mariña pola grande afectación que está a ter sobre a súa pesca.

Diante dunha agresión sen precedentes á nosa pesca, lamentablemente a Xunta de Galiza, en vez de encabezar a defensa do noso sector pesqueiro, está a poñerse de perfil, cun silencio cómplice.

No BNG insistimos na necesidade de implantar enerxías renovábeis e transitar a unha economía libre de carbono, pero este tránsito non se pode facer a costa de arrasar con todo: co monte, coas serras e agora co mar do que viven milleiros de persoas e de familias neste país. O lobby eléctrico, co apoio dos gobernos español e galego, pretende espoliar o noso territorio e os nosos mares, e non podemos consentilo. Temos o país cheo de encoros, 4.000 muíños de vento nos nosos montes e están proxectados moitos máis. E agora dísenos que Galiza ten que soportar case a metade de todos os aeroxeneradores da eólica mariña do Estado. Basta xa de que o noso país, o noso monte a agora o noso mar, teña que pagar todos os custes ambientais, económicos e sociais de producir enerxía.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción do seguinte ACORDO**:

1. Instar ao Goberno Español á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.
2. Instar ao Goberno Español a declarar a costa galega zona excluída de eólica mariña para garantir o futuro do sector pesqueiro.
3. Instar ao goberno español a preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.
4. Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólicamariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.
5. Instar á Xunta de Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña
6. Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica."

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, Alcalde-Presidente, indica que este Plan non establece a implantación dun parque eólico, o que fai é definir aquelas zoas da costa

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

susceptibles da creación do parque, calquera afección que poida ter vai a estar definida por un Informe de Impacto Medioambiental, que é previo a concesión de licenza, de seguido di, que ven a ser como o Plan Xeral de Ordenación Municipal dun concello, a súa aprobación non significa que se execute na totalidade, a xente terá que pedir licenzas e ver se cumpren os requisitos da lexislación. Tamén menciona, que un informe previo e necesario, é o Informe de Impacto Medioambiental, aclarando que non é lóxico facer unha proposta a priori, dicindo que quede libre a costa galega de este tipo de elementos, dando por feito que afectan a pesca, sen achegar ningún dato, hai parques en distintos países (Irlanda, Italia, Alemaña..), onde non se produce dita afección. Comenta que é obrigatorio que os Estados da Unión Europea contén un Plan de ordenación da costa, no que se contemple as áreas susceptibles de implantación de eólica mariña, cando se soliciten as licenzas nesas zonas, o Informe de Impacto Medioambiental será quen diga se haberá afección ou non, ou en todo caso, fará unha análise. Finamente afirma que este goberno está de acordo en que a pesca ten que prevalecer sobre a creación destes parques, pero non están en contra do seu establecemento, pois a única alternativa que hai fronte as enerxías contaminantes son as enerxías limpas. Se a Moción queda tal como está non votarán a favor, se absterían, se non teñen inconveniente en introducir emendas.

- **Toma a palabra D. Luís Angel Díaz**, pensa que é compatible a eólica mariña coa pesca, sempre que garanta a actividade pesqueira, ademais a Xunta de Galicia xa está presentado alegacións, o voto vai a ser en contra.

- **Toma a palabra D. Luís Pena**, están a favor de que exista un Plan de ordenación do espazo marítimo, pero deste Plan, en concreto, están en contra, do mesmo xeito rexeitarían o Plan que reserve unha parte do espazo de Rede Natura para eólica terrestre, menciona que o Parlamento Europeo, aprobou unha resolución que determina que os caladoiros tradicionais da pesca, deben estar libres de eólica mariña, tendo en conta que o rendemento económico para o país vai a ser case cero, e destrúese un sector moi importante. Finalmente di, se o Partido Socialista fai unha proposta que poidan aceptar, a incluírían.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, a proposta que fan é refundir o punto un e dous noutro que diga, "*instar ao Goberno Español á retirada do Plan de ordenación do espazo marítimo dos caladoiros históricos e tradicionais específicos do sector pesqueiro galego*"

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a Moción emendada **in voce no seo do debate**, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e **1 voto en contra** do concelleiro que integra o Grupo Municipal do PP: D. Luis Angel Díaz González; o **ACORDO** seguinte:

- 1.- Instar ao Goberno Español á retirada do Plan de ordenación do espazo marítimo, dos caladoiros históricos e tradicionais específicos do sector pesqueiro galego.
2. Instar ao Goberno Español a preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.
3. Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólica mariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.
4. Instar á Xunta de Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña
5. Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria municipal da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27/04/2023

(Expediente TEdC: 2023/G006/000068)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **160.2023** de 24 de marzo ao **208.2023** de 19 de abril de 2023, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000184	APROBACIÓN FACTURAS E LIQUIDACIÓNS RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2023	000160/2023	24-03-2023 11:34
2023/G003/000170	SOLICITUDE XERAL A NOME DE SOLICITA CONSTE COMO PRESENTADO A TRAVÉS DESTE MEDIO : PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS NO CAMIÑO DE VELIÑO - CENTROÑA	000161/2023	24-03-2023 14:27
2023/G003/000199	TESOURERÍA: XUIZO VERBAL 79/2022 DEMANDANTE GESICO COMPRA DE IMPAGADOS SL DEMANDADO CONCELLO DE PONTEDEUME	000162/2023	24-03-2023 14:27
2023/G003/000195	Xustificación Risga 2017	000163/2023	24-03-2023 14:27
2023/G003/000152	ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA: NÚMERO DE LICENZAS DE APERTURA E FUNIONAMENTO DE RESTAURANTES E CAFETARÍAS CONCEDIDAS DURANTE OS ANOS 1976 AO 1986 POLO CONCELLO DE PONTEDEUME, E SE A CAFETARIA BARISILIA SE ATOPOA ENTRE ELAS.	000164/2023	27-03-2023 11:34
2023/G003/000203	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30/03/2023	000165/2023	27-03-2023 13:46
2023/G003/000172	Solicitud Subvención SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL) DE 2022	000166/2023	27-03-2023 14:17
2023/G003/000206	Convocatoria selección personal- BASES PARA COBERTURA EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA.	000167/2023	27-03-2023 14:17
2023/G003/000204	Convocatoria selección personal- BASES PARA COBERTURA EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA.	000168/2023	27-03-2023 14:17
2023/G003/000198	SOLICITUDE DE ACCESO EXPEDIENTE DE OBRAS E LICENZA DE ACTIVIDADE DA PARCELA DONDE SE ATOPOA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CHALET ROSA	000169/2023	28-03-2023 09:53
2023/G003/000202	APROBACIÓN FACTURA RENOVACIÓN DOMINIO .ES	000170/2023	28-03-2023 09:52
2023/G003/000196	SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL MONTSE SOTO do 30 de MARZO ao 4 DE ABRIL de 2023	000171/2023	28-03-2023 09:53

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000194	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de xaneiro do 2023	000172/2023	28-03-2023 09:53
2023/G003/000211	Solicitud Subvención Plan Concertado 2023	000173/2023	29-03-2023 11:07
2023/G003/000213	TESOURERIA: AUTORIZACION CERTIFICADO DE REPRESENTANTE PARA ACCESO A NOTIFICACIONES ELECTRONICAS DOUTRAS ADMINISTRACIONES	000174/2023	29-03-2023 11:07
2023/G003/000161	Liquidación de Tributos-PAGO SEGUROS SOCIAIS MES FEBREIRO 2023.	000175/2023	29-03-2023 11:00
2023/G003/000201	APROBACIÓN NÓMINA MARZO 2023	000176/2023	29-03-2023 11:07
2023/G003/000200	INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES MARZO 2023.	000177/2023	29-03-2023 11:07
2023/G003/000214	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL; D. JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ POR AUSENCIA DA INTERVENTORA TITULAR.	000178/2023	29-03-2023 14:35
2023/G003/000173	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	000179/2023	29-03-2023 14:35
2023/G003/000215	Solicitud Subvención Limpeza de Praias 2022	000180/2023	29-03-2023 14:35
2023/G003/000209	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000028400	000181/2023	30-03-2023 14:20
2023/G003/000208	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000028333	000182/2023	30-03-2023 14:20
2023/G003/000185	Solicitud aumento de horas no SAF de dependencia: de 46 a 70 horas/mes	000183/2023	31-03-2023 14:05
2023/G003/000216	Solicitud Subvención AGADER 2023	000184/2023	03-04-2023 09:16
2022/G003/000779	Tramitación de Decretos EXPEDIENTE DE DEVOLUCIÓN DO IMPORTE NON XUSTIFICADO DO PROGRAMA DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL 2016.	000185/2023	05-04-2023 11:05
2023/G003/000220	SOLICITUDE DE CAMBIO DE VEHÍCULO. LICENZA MUNICIPAL DE TAXI NÚMERO 7. ROBERTO SÁNCHEZ CALVO	000186/2023	05-04-2023 13:11
2023/G003/000224	LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2022. IMPUTACION Á CONTA 413 E AXUSTES EN PROXECTOS.-	000187/2023	10-04-2023 14:11
2023/G003/000219	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000028458	000188/2023	11-04-2023 13:51
2023/G003/000230	Convocatoria selección personal- BASES PARA COBERTURA EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA.	000189/2023	13-04-2023 12:46
2023/G003/000228	DESIGNACIÓNMEMBRO MESA DE CONTRATACIÓN EN SUBSTITUCIÓN DE ... CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "AMPLIACIÓN DA	000190/2023	14-04-2023 11:33

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021)		
2023/G003/000218	Aprobación do pago taxas solicitud uso porto de Ponte deume para actividade municipal "Día do Deporte en Igualdade"	000191/2023	17-04-2023 11:25
2023/G003/000232	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000192/2023	17-04-2023 11:25
2023/G003/000234	Decreto. Inscripción a maiores edm inverno 22-23	000193/2023	17-04-2023 11:25
2023/G003/000233	APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2022.-	000194/2023	17-04-2023 11:25
2023/G003/000227	Solicitud Subvención PEL- Orquestas. Deputación 2022	000195/2023	17-04-2023 11:25
2023/G003/000236	EXPEDIENTE DE PAGO DA TAXA DA XUNTA DE GALICIA PARA AUTORIZACIÓN DA OBRA MELLORA DO TRAZADO DO CAMIÑO EN CENTROÑA CON ESTRADA PROVINCIAL DP-4803 (POS +2019)	000196/2023	17-04-2023 11:25
2023/G003/000229	EXPEDIENTE DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO . LICENZA DE TAXI NÚMERO 21. JOSÉ MARÍA BLANCO PENEDO	000197/2023	17-04-2023 11:25
2023/G003/000237	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1, INCORPORACIÓN DE REMANENTES 1.-	000198/2023	17-04-2023 14:21
2023/G003/000239	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 20/04/2022	000199/2023	17-04-2023 14:50
2023/G003/000238	MODIFICACION DE CREDITO 2. TRANSFERENCIA DE CREDITO 1. VARIAS AREAS GASTO. ALCALDIA.-	000200/2023	17-04-2023 14:50
2022/G003/000774	EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE POSTOS MERCADO MUNICIPAL PONTEDEUME	000201/2023	17-04-2023 16:58
2023/G003/000240	RECTIFICACIÓN DA HORA DA CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 20/04/2023	000202/2023	18-04-2023 12:00
2023/G003/000244	Liquidación de Tributos-IRPF MOD 111, MARZO 2023	000203/2023	19-04-2023 13:27
2023/G003/000223	Solicitud Subvención SOCORRISTAS 2023	000204/2023	19-04-2023 13:27
2023/G003/000241	Aprobación listado persoas participantes no servizo de conciliación Madrugadoras/Madrugadores curso 2022/2023	000205/2023	19-04-2023 13:27
2023/G003/000248	Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 24/04/2023	000206/2023	19-04-2023 14:27
2023/G003/000249	Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda de 24/04/2023	000207/2023	19-04-2023 14:27
2023/G003/000246	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 20 DE ABRIL DE 2023	000208/2023	19-04-2023 14:42

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

6.- ASUNTOS DE URXENCIA.

A Secretaria municipal da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

Expediente TEdC 2021/G006/000074

Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 25/04/2023 respecto das facturas incluídas na relación F/2023/1 e X/2023/1 (neste último caso facturas imputadas na conta 413 a 31/12/2022 para a súa aprobación por Pleno), incoando expediente para a súa aprobación a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos por tratarse de gastos realizados no exercicio 2022 para os que no dito exercicio non había crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento da súa presentación, se ben no caso da relación F/2023/1 as facturas achegáronse xa no exercicio 2023

Sobre isto cómpre sinalar que moitas das facturas se refiren a servizos prestados no mes de decembro, sendo que en moitos dos servizos facturados realmente se aproban anualmente doce facturas, unha por mes, se ben van de decembro do exercicio anterior a novembro, tendo en conta ademais que de acordo co artigo 189 do TRLFL, respecto dos requisitos previos á expedición de órdenes de pago, que: “1. Previamente a la expedición de las órdenes de pago con cargo a los presupuestos de la entidad local y de sus organismos autónomos habrá de acreditarse documentalmente ante el órgano que haya de reconocer las obligaciones la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto”.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 37/2023, asinado dixitalmente o 25 de abril de 2023, que se xunta ao expediente

Tendo en conta a imposibilidade de emendar o procedemento toda vez que as prestacións foron realizadas e, de ser o caso, as subministracións realizadas, e así se fai constar no momento de sinatura da conformidade das facturas; e tendo en conta o organigrama das distintas dependencias municipais ás que correspondería a tramitación das facturas incluídas nas ditas relacións, moitas delas de departamentos carentes de persoal administrativo, se ben as facturas están debidamente conformadas. E isto en relación coa imposibilidade en moitos casos de incorporar o sinalado no 172 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, a que se fai referencia no informe da secretaria, e isto porque o dito artigo indica: “1. En los expedientes informará el Jefe de la Dependencia a la que corresponda tramitarlos, exponiendo los antecedentes y disposiciones legales o reglamentarias en que funde su criterio. 2. Los informes administrativos, jurídicos o técnicos y los dictámenes de las Juntas y Comisiones se redactarán con sujeción a las disposiciones especiales que les sean aplicables y se ceñirán a las cuestiones señaladas en el decreto o acuerdo que los haya motivado”.

Sobre as cuestións relacionadas coa tramitación deste expediente, esta Alcaldía non ten coñecementos técnicos nen xurídicos a ese respecto para poder manifestarse sobre a súa idoneidade ou non, polo que deberán ser os departamentos que interveñen na súa tramitación os que aclaren entre si o sistema ou forma de proceder a este respecto.

